

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANUNCIO do 2 de decembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos definitivos nas especialidades que se especifican no punto primeiro deste anuncio, abertas polo Anuncio do 19 de setembro de 2014 (Diario Oficial de Galicia do 3 de outubro, corrección de erros no Diario Oficial de Galicia do 15 de outubro).

Unha vez publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación definitiva de excluídos na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro. Facer públicas na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es>) as puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos do baremo para as prazas de interinidades e substitucións para impartir docencia nas especialidades de informática (590107), organización e procedementos de mantemento de vehículos (590111), organización e proxectos de fabricación mecánica (590112), procesos e produtos de téxtil, confección e pel (590120), do corpo de profesores de ensino secundario, sistemas e aplicacións informáticas (591227) do corpo de profesores técnicos de formación profesional e chinés (592004) do corpo de profesores de escolas oficiais de idiomas, abertas polo Anuncio do 19 de setembro de 2014, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (*Diario Oficial de Galicia* do 3 de outubro, corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia* do 15 de outubro).

Segundo. Contra estas puntuacións definitivas e a relación definitiva de excluídos, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o director xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contado desde o día



seguinte ao da publicación deste anuncio, ante o xulgado do contencioso-administrativo, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 2 de decembro de 2014

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

CVE-DOG: pe9an867-owb7-0dq2-h9j8-kv4itncxenp9

